



## ‘Un beau matin’ de Mia Hansen-Løve inaugura a 36ª edición de Cineuropa, que dedica un amplo ciclo ao musical en ‘Cancións para despois dunha guerra’

- Ana Belén, Charo López, Lois Patiño e o cineasta portugués João Pedro Rodrigues, Premios Cineuropa dunha edición que terá lugar do 4 ao 20 de novembro
- O programa despreza o mellor cinema da tempada, con nomes como Park Chan-wook, Ulrich Seidl, Paul Schrader ou Jerzy Skolimowski, e a consolidación do festival competitivo con once longas no concurso de novas e novos cineastas.

**Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2022.-** A francesa Mia Hansen-Løve inaugura o vindeiro día 4 de novembro a 36ª edición de Cineuropa coa súa película *Un Beau Matin* (Unha bonita mañá), un cativador retrato do amor e da perda protagonizado por Lea Seydoux que formou parte da Quincena de Realizadores do Festival de Cannes. Nos dezasete días de programación, o certame consolídase como festival competitivo, con once películas de novas e novos cineastas que competirán polos premios do xurado oficial, algunha delas, como a francesa *Saint Omer*, de Alice Diop, triunfadora xa na recente Mostra de Venecia.

Cineuropa presenta na súa Sección Oficial de Cinema Europeo e en Panorama Internacional unha amplísima escolma do mellor cinema visto esta tempada nos festivais internacionais. As sinaturas do coreano Park Chan-wook, do sueco Ruben Östlund, do polaco Jerzy Skolimowski, do español Rodrigo Sorogoyen ou do romanés Cristian Mungiu chegan procedentes do seu exitoso paso por Cannes. O veterano autor norteamericano Paul Schrader amosará o seu estimulante estado de forma con *Master Gardener* (O mestre xardineiro), o islandés Hlynur Pálmason sorprenderá con *Godland*, para moitos a gran película do ano. Outros nomes relevantes do programa son os dos franceses Rebecca Zlotowski, Alain Giraudie, Dominik Moll ou os arxentinos Santiago Mitre e Laura Citarella. Desta última poderase ver *Trenque Lauquen*, que fascinou na Mostra de Venecia.

O cinema español estará representada polo título máis agardado do ano, *Mantícora*, cuarta longa de Carlos Vermut. Especial valor terá a presenza do filme cubano *El caso Padilla*, no cal Pavel Giroud descobre un material de arquivo ata o de agora mundialmente inédito: as imaxes da sesión celebrada na Habana na Unión de Escritores en 1971 na que o poeta Heberto Padilla realizou a súa autoinculpación (a chamada “autocritica” no argot comunista).

### OS PREMIOS CINEUROPA

No que respecta aos Premios Cineuropa, este ano recaen en dúas actrices convertidas xa en iconas do noso panorama estatal como son Ana Belén e Charo López; nun dos cineastas referentes do Novo Cinema Galego, Lois Patiño, e nun cineasta radicalmente libre como é o portugués João Pedro Rodrigues.

#### CINEUROPA - COMPOSTELA CULTURA

Comunicación: Míriam Louzao  
981 552 290 | 618 948 576  
comunicacion@cineuropa.gal  
compostelacultura.gal  
cineuropa.gal

AUDITORIO DE GALICIA  
TEATRO PRINCIPAL  
ZONA C. PUNTO DE  
INFORMACIÓN CULTURAL





## A PROGRAMACIÓN

A programación completa do festival está composta por 126 películas nas que están representados 30 países. Estrutúrase en 5 seccións oficiais e 7 seccións paralelas que serán exhibidas en cinco salas da cidade: o Teatro Principal, o Salón Teatro, o Cinema Numax, os Multicines Compostela e a Sala Mozart do Auditorio de Galicia. Nesta edición, novamente, Cineuropa contará cunha sala virtual na plataforma Filmin, na que se presentará unha escolma especial de 15 películas.

## CANCIÓNS PARA DESPOIS DUNHA GUERRA: O CINEMA COMO CELEBRACIÓN

Esta 36ª edición de Cineuropa ten como ADN a intencionalidade de impregnar de celebración a atmosfera do festival. Ese xerme está no ciclo Cancións para despois dunha guerra, unha ampla homenaxe ao cinema musical con 23 títulos que abranguen desde o musical clásico de Hollywood, con películas de Vincente Minnelli, Stanley Donen ou Gene Kelly ata o revival que o xénero coñeceu a finais da década dos sesenta, en superproduccións como *Camelot*, *A lenda da cidade sen nome* ou *O violinista no tellado*. Tamén ofrece este tributo ao xénero unha atención especial ao gran Jacques Demy, con *Os paraugas de Cherburgo* e a recuperación en copia restaurada dunha das súas grandes películas e quizais a menos coñecida, *Unha habitación na cidade*.

## A IMAXE DO FESTIVAL

A orixe da elección do musical para o ciclo temático desta edición foi o 70 aniversario de *Cantando baixo a choiva*, que se estreou en 1952. Así, a imaxe de Cineuropa para este 2022 está inspirada nese filme, aínda que nesta ocasión a choiva é de Compostela, o farol é un dos da Alameda, e o paraugas morado e o vestido amarelo (que tamén nos lembra a *La, la, land* ou *Os paraugas de Cherburgo*) son de Coralía, das Dúas Marías, nunha forma de traer ata a nosa cidade as icónicas imaxes do filme que todos temos na nosa mente.

## COMPETENCIA NOVAS/OS CINEASTAS

11 son as películas dirixidas por novas e novos cineastas seleccionadas polo equipo de programación do festival para competir polo premio do público e polos cinco premios outorgados por un xurado oficial que estará composto polo cineasta valisoletano Alberto Morais, o crítico e divulgador coruñés Martin Pawley e a realizadora e fotógrafa uruguaia Irina Raffo. Os tres membros deste xurado internacional decidirán os premios ao mellor filme, mellor dirección, mellor actriz, mellor actor e mellor guión entre os filmes provenientes de Chile, Islandia, Dinamarca, Suecia, Canadá, Francia, Suíza, Estados Unidos, Alemaña, España, Costa Rica e Bélxica. (Información sobre os 11 filmes ao final da nota).

## O XURADO NOVO

Como vén acontecendo nas últimas cinco edicións do festival, Cineuropa tamén contará cun Xurado Novo, composto nesta ocasión por Roque Barcia, Saúl Buján, Lydia Fernández, Antón Rial e Ana Laura Rodríguez. Estas cinco mozas e mozos de entre 18 e 25 anos farán entrega dos premios á mellor película, mellor guión, mellor interpretación feminina, mellor interpretación masculina e mellor dirección.

## SECCIÓN OFICIAL EUROPEA

23 son os filmes que configuran a Sección Oficial Europea desta 36ª edición de Cineuropa, os títulos dos que levamos meses escoitando valoracións porque foron noticia en Cannes, na Berlinale, no Lido. E o selo autoral

---

### CINEUROPA - COMPOSTELA CULTURA

Comunicación: Míriam Louzao  
981 552 290 | 618 948 576  
comunicacion@cineuropa.gal  
compostelacultura.gal  
cineuropa.gal

AUDITORIO DE GALICIA  
TEATRO PRINCIPAL  
ZONA C. PUNTO DE  
INFORMACIÓN CULTURAL





dos nomes consagrados: Ulrich Seidl, Cristian Mungiu, Rebecca Zlotowski, Carlos Vermut, Ruben Östlund, Jerzy Skolimowski ou Mia Hansen-Løve, que abre esta 36ª edición do festival coa súa última obra.

## PANORAMA INTERNACIONAL

A panorámica polas cinematografías do resto do mundo céntrase nestes nove títulos que conforman o Panorama Internacional, dirixidos por persoeiros xa coñecidos abondo no noso festival: o coreano Park Chan-wook; o xaponés Koreeda; o iraniano Jafar Panahi, coas liberdades cada vez máis limitadas no Irán pechado sobre si mesmo; a arxentina Laura Citarella (a súa *Trenque Lauquen* é imprescindible); a brasileira Júlia Murat, Leopardo de Ouro en Locarno por *Regra 34* ou o canadense Denis Côté, esta vez en chave de gran provocación. E —todo un acontecemento— o maior talento vivo, xunto a Marco Bellocchio, dos cineastas que arrincaron no século XX: o gran Paul Schrader, con *Master gardener (O mestre xardineiro)*, película coa que consolida un período creativo crepuscular de magnitude impensable, cando xa o dabamos por amortizado.

## PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO

18 pezas conforman esta mirada polo actual Panorama Audiovisual Galego, ás que engadimos as 11 curtametraxes do programa especial Aturuxo Films: Imaxinando Músicas. Nesta 36ª edición centrámonos no momento doce que vive a animación en Galicia con Os demos de barro; no foco posto na memoria histórica de filmes como *Removendo a terra*, *Un cielo impasible*, *10 de marzo* ou *Donde acaba la memoria*; na importancia de persoeiros como Xosé Luís Méndez Ferrín ou Florencio Delgado Gurriarán, ou na reivindicación dunha sanidade pública e segura con *Agromantes* ou *Anatomía dunha serea*. Ademais, renderémoslle tributo a Lois Patiño, talento maior e cosmogónico do panorama internacional.

## DOCS CINEUROPA

Na escolma de seis documentais deste ano hai figuras de peso como Isabel Coixet, que revisa n' *O teito amarelo* un caso real de abusos sexuais sufrido por adolescentes, ou como Manuel Iborra, que bota a vista atrás e elabora un fermoso relato sobre as luces e sombras do pasado, a través do reencontro cunha película tan representativa do cinema español doutro tempo como *Orquesta Club Virginia*. E toda a atención para a que é xa unha das cintas do ano: coas imaxes de *El caso Padilla* descóbrense por vez primeira un material de arquivo áureo, as filmacións da autocrítica realizada polo poeta cubano Heberto Padilla na Habana, en 1971. Nese acto —que foi gravado en formato de cinema por ordes de Fidel Castro— asistimos ao ritual totalitario da autoinculpación, da delación dos outros. Son imaxes que destilan estupor —e case medo— mentres vemos o rostro de Padilla bañado de suor naquela xornada na que a revolución cubana perdeu internacionalmente a súa inocencia.

## OUTRAS SECCIÓNS

LatidoAmericano, Fantastique Compostela, Cineuropa Miúda, Maratón e En lembranza de... son as outras seccións que completarán a 36ª edición de Cineuropa. O mellor do cinema latinoamericano que triunfou polos máis grandes certames e a homenaxe a China Zorrilla; unha escolma de cinema para nenas e nenos coas correspondentes especificacións por franxas de idade; a nosa particular homenaxe a dous grandes como Jean-Luc Godard e Angela Lansbury, e o último do cinema de xénero para incondicionais da maratón e a sección Fantastique Compostela.

### CINEUROPA - COMPOSTELA CULTURA

Comunicación: Míriam Louzao  
981 552 290 | 618 948 576  
comunicacion@cineuropa.gal  
compostelacultura.gal  
cineuropa.gal

AUDITORIO DE GALICIA  
TEATRO PRINCIPAL  
ZONA C. PUNTO DE  
INFORMACIÓN CULTURAL





## AS ACTIVIDADES PARALELAS

A programación deste ano verase complementada por diferentes actividades que inclúen presentacións de libros, programas pedagóxicos que vinculan o cinema e a música coma o levado a cabo no IES de Cacheiras; o xa tradicional concerto da Real Filharmonía de Galicia, que musicalizará nesta edición o filme *Foolish wives*, de Erich Von Stroheim, así como o concerto da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela, que pon música, de Antón Alcalde, a 'The Pawnshop' de Chaplin ademais de interpretar outras bandas sonoras. E este ano, unha novidade: dous “paseos de cine” que permitirán ao público asistente coñecer as históricas salas de proxección compostelás (moitas delas xa desaparecidas), e unha panorámica polas principais rodaxes que tiveron lugar en Compostela.

## ENTRADAS

Os prezos desta 36ª edición non varían respecto aos das pasadas. A entrada ordinaria ten un custo de 4 euros, o abono de 10 películas custará 30 euros, o maratón terá un prezo de 6 euros e o catálogo coa información de todas as películas do festival pode mercarse por 2 euros. O vindeiro mércores día 2 ás 11 h. poderán comezar a adquirirse os bonos, as entradas e tamén retirar os convites para todas aquelas sesións de carácter gratuíto. Pódese facer online a través da web [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal) ou de xeito presencial no despacho de billetes da Zona C (Praza de Cervantes) no seu horario habitual: de martes a sábado de 11 a 14 e de 16 a 19 h. Durante os días do festival tamén haberá despacho de billetes nas restantes salas do festival. Toda a información está en [cineuropa.gal](http://cineuropa.gal).

**Toda a información en [cineuropa.gal](http://cineuropa.gal) e [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)**

---

### CINEUROPA - COMPOSTELA CULTURA

Comunicación: Míriam Louzao  
981 552 290 | 618 948 576  
[comunicacion@cineuropa.gal](mailto:comunicacion@cineuropa.gal)  
[compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)  
[cineuropa.gal](http://cineuropa.gal)

AUDITORIO DE GALICIA  
TEATRO PRINCIPAL  
ZONA C. PUNTO DE  
INFORMACIÓN CULTURAL





## COMPETENCIA NOVAS/OS CINEASTAS

### Filmes que entran a concurso:

**1976.** Chile, 2022. Dir: *Manuela Martelli*. Con *Aline Kuppenheim, Nicolás Sepúlveda, Hugo Medina* 95 min. 1976, Chile. Carmen marcha para a praia coa intención de supervisar a remodelación da súa casa. O seu home, os fillos e os netos van e veñen nas vacacións de inverno. Cando o sacerdote da familia lle pide que coide a un mozo que aloxan en segredo, Carmen entrará en territorios inexplorados, lonxe da vida tranquila que adoita levar.

**Beautiful beings.** Islandia, Dinamarca, Suecia, 2022. Dir: *Guðmundur Arnar Guðmundsson*. Con *Birgir Dagur Bjarkason, Áskell Einar Pálmason, Viktor Benóný Benediktsson*. 123 min. Addi, un neno criado por unha nai clarividente, decide acoller no seu grupo de inadaptados a un rapaz que está a ser acosado. Deixados á súa sorte, os nenos exploran a agresión e a violencia, pero tamén aprenden sobre a lealdade e o amor. A medida que o comportamento do grupo avanza cara a situacións que ameazan a vida, Addi comeza a experimentar unha serie de visións oníricas. Poderá guialo a súa nova intuición de regreso a un camiño máis seguro, ou o avance cara a unha maior violencia será irrevogable?

**Falcon Lake.** Canadá, Francia, 2022. Dir: *Charlotte Le Bon*. Con *Joseph Engel, Sara Montpetit, Monia Chokri*. 100 min. Bastien, un adolescente parisiense, pasa as vacacións coa súa familia nunha cabana á beira dun lago de Quebec. Alí atoparase con Chloé, unha moza maior ca el da que namora fondamente. Malia a diferenza de idade e os medos de Bastien, desenvolven un vínculo especial. Bastien terase que enfrontar aos seus medos para lograr un lugar no corazón de Chloé, mentres exploran a súa sexualidade e a inquietante lenda da pantasma do lago.

**Fifi.** Francia, 2022. Dir: *Jeanne Aslan e Paul Saintillan*. Con *Céleste Brunnquell, Quentin Dolmaire, Chloé Mons*. 109 min. Nancy, leste de Francia. Verán. Tratando de fuxir do seu problemático contorno familiar, Sophie, unha moza de 15 anos, aproveita a oportunidade de facerse cun xogo de chaves da casa da súa adiñeirada amiga Xade. Mentres goza da ampla vivenda, que cría baleira durante o verán, atópase co irmán maior da súa amiga, Stéphane, quen, por azares do destino, tamén estaba a planear quedar. Mais, no canto de botala, Stéphane decide deixar a porta aberta e convida a Sophie a un verán inesperado.

**Foudre (Thunder).** Suíza, 2022. Dir: *Carmen Jaquier*. Con *Sabine Timoteo, Lilith Grasmug, Mermoz Melchior*. 92 min. Verán de 1900, Suíza. A morte de súpeto da súa irmá máis vella obriga a Elisabeth a regresar á casa. Asfixiada polas estritas normas da vila, Elisabeth verase pouco a pouco forzada a rebelarse polo dereito a vivir a súa vida.

**Palm Trees and Power Lines (Palmeiras e cables da luz).** Estados Unidos, 2022. Dir: *Jamie Dack*. Con *Lily McInerney, Jonathan Tucker, Gretchen Mol*. 110 min. broncear coa súa mellor amiga no xardín traseiro da súa casa, mentres intenta non involucrarse nos problemas da súa angustiada nai e consumir drogas cun grupo de mozos da súa escola. Esta monotonía vese interrompida por un encontro casual con Tom, un home maior que promete unha alternativa á insatisfactoria vida adolescente de Lea. A moza cae rendida ante o encanto

### CINEUROPA - COMPOSTELA CULTURA

Comunicación: Míriam Louzao  
981 552 290 | 618 948 576  
comunicacion@cineuropa.gal  
compostelacultura.gal  
cineuropa.gal

AUDITORIO DE GALICIA  
TEATRO PRINCIPAL  
ZONA C. PUNTO DE  
INFORMACIÓN CULTURAL





carismático de Tom, que exerce sobre ela un control crecente que a vai illando do seu círculo habitual. Lea non tarda en descubrir que as intencións dese home non son o que parecen.

**Piaffe.** *Alemaña, 2022. Dir: Ann Oren. Con Simone Bucio, Simon(e) Jaikiriuma Paetau, Sebastian Rudolph. 86 min.* Cando a súa irmá Zara sofre un ataque de nervios, a introvertida Eva vese obrigada a aceptar o traballo de Zara como artista de Foley, e crear sons para un anuncio publicitario protagonizado por un cabalo. Cando unha cola de cabalo comeza a medrar a partir do seu corpo, Eva utiliza ese feito excepcional para iniciar un xogo de submisión cun mozo botánico. Unha das grandes sensacións da pasada edición do festival de Locarno.

**Runner.** *Estados Unidos, Francia e Alemaña, 2022. Dir: Marian Mathias. Con Hannah Schiller, Darren Houle, Gene Jones, Jonathan Eisley. 76 min.* Tras a súbita morte do seu pai, Haas coñece a Will. Comeza así a historia de dous mozos descoñecidos e solitarios que se atopan a través da vasta paisaxe de EEUU.

**Saint Omer.** *Francia, 2022. Dir: Alice Diop. Con Kayije Kagame, Guslagie Malanda, Valérie Dréville. 123 min.* Tribunal de xustiza de Saint-Omer. Rama, unha novelista que quere escribir sobre o mito de Medea, asiste ao xuízo de Laurence Coly, unha muller acusada de matar a súa filla de 15 meses ao abandonala nunha praia do norte de Francia. Mais, así que avanza o xuízo, as palabras dos acusados e os testemuños sacudirán as conviccións de Rama e poñerán en dúbida o noso propio xuízo.

**Suro (Cortiza).** *España, 2022. Dir: Mikel Gurrea. Con Vicky Luengo, Pol López, Ilyass El Ouahdani. 116 min.* Helena e Iván propóñense construír unha nova vida nun sobreiral, pero os seus diferentes puntos de vista sobre como vivir na terra emerxen, desafiando o seu futuro como parella.

**Tengo sueños eléctricos.** *Costa Rica, Bélxica, Francia, 2022. Dir: Valentina Maurel. Con Reinaldo Amien Gutiérrez, Daniela Marín Navarro, Vivian Rodríguez. 101 min.* Eva non atura que a súa nai queira reformar a casa e desfacerse do gato, que, desorientado desde o divorcio, ouriña por todas partes. Quere marchar e vivir co pai, que, desorientado tamén coma o gato, está a vivir unha segunda adolescencia. Eva segue sen rumbo o seu pai mentres tenta reconectar co seu desexo de se converter en artista e volver atopar o amor. Mais, como alguén que cruza un océano de adultos sen saber nadar, Eva tamén descubrirá a carraxe que a corroe, e que, sen sabelo, herdou del.

---

#### CINEUROPA - COMPOSTELA CULTURA

Comunicación: Míriam Louzao  
981 552 290 | 618 948 576  
comunicacion@cineuropa.gal  
compostelacultura.gal  
cineuropa.gal

AUDITORIO DE GALICIA  
TEATRO PRINCIPAL  
ZONA C. PUNTO DE  
INFORMACIÓN CULTURAL

